Exp. 46474/220

**PROCESO SELECTIVO ADMINISTRATIVAS/OS DE ADMINISTRACIÓN XERAL DERIVADO DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE VIGO 2020-2021-2022 (2ª FASE), (SETE POLA QUENDA LIBRE)**

## ANUNCIO: ACORDOS SOBRE AS RECLAMACIÓNS AO 1º EXERCICIO, TIPO TEST, DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO. PLANTILLA DEFINITIVA. RESULTADOS DO 1º EXERCICIO, DEFINITIVOS.

Examinadas as reclamacións presentadas polas persoas aspirantes que concorreron ao primeiro exercicio tipo test, de carácter obrigatorio e eliminatorio, o órgano de selección acordou anular as preguntas 17 e 27 ao non cumprir cos requisitos esixidos nas Bases do proceso selectivo, así como modificar a opción dada como correcta na pregunta 10, sendo correcta á opción b).

Anuladas as preguntas 17 e 27, pasan automaticamente a formar parte do exame as preguntas de reserva numeradas como 41 e 42.

De conformidade coas bases da convocatoria, contra a desestimación das reclamacións, as persoas reclamantes poderán intepoñer recurso de alzada no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a súa notificación ou publicación, ante a Xunta de Goberno Local.

De acordo co establecido nas bases xerais, xunto con este anuncio se publican os acordos adoptados a respecto das reclamacións presentadas.

**PLANTILLA DE RESPOSTAS: DEFINITIVA**

| | |
|---|---|
| **1** | B |
| **2** | D |
| **3** | A |
| **4** | B |
| **5** | C |
| **6** | C |
| **7** | C |
| **8** | D |
| **9** | C |
| **10** | B |
| **11** | D |
| **12** | D |

ASINADO POR: TECNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARIA LORENA LOPEZ RODRIGUEZ ) 03/03/2026 11:15:38

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

| | |
|---|---|
| **13** | D |
| **14** | A |
| **15** | D |
| **16** | B |
| **-** | - |
| **18** | B |
| **19** | C |
| **20** | D |
| **21** | D |
| **22** | C |
| **23** | D |
| **24** | B |
| **25** | D |
| **26** | B |
| **-** | - |
| **28** | A |
| **29** | C |
| **30** | B |
| **31** | B |
| **32** | D |
| **33** | B |
| **34** | A |
| **35** | D |
| **36** | C |
| **37** | B |
| **38** | A |
| **39** | D |
| **40** | C |
| **41** | A |
| **42** | B |
| R.43 | C |
| R.44 | A |
| R.45 | B |

Realizadas as modificacións derivadas dos acordos adoptados, os resultados do 1º exercicio, tipo test, de carácter obrigatorio e eliminatorio, son os seguintes:

**RESULTADOS DO 1º EXERCICIO, TIPO TEST**

| ID | Nota | Apelidos | Nome |
|---|---|---|---|
| 347133 | Non apto/a | ACOSTA PADIN | P. |

ASINADO POR: TECNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARIA LORENA LOPEZ RODRIGUEZ ) 03/03/2026 11:15:38
Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

| ID | Nota | Apelidos | Nome |
|---|---|---|---|
| 346926 | Non apto/a | ALONSO BARROS | D. |
| 407097 | Non apto/a | ALONSO MENDEZ | M.V. |
| 406890 | Non apto/a | ALVAREZ FERNANDEZ | C. |
| 406438 | Non apto/a | ALVAREZ MONTES | E.M. |
| 406212 | Non apto/a | ALVAREZ RODRIGUEZ | R. |
| 406086 | 5,250 | AMOEDO DOMINGUEZ | S.M. |
| 405992 | Non apto/a | AREA IGLESIAS | A. |
| 428022 | Non apto/a | ARIAS PENAS | J.C. |
| 405653 | 5,625 | BABARRO GONZALEZ | A. |
| 405427 | Non apto/a | BAÑOS GONZALEZ | L.M. |
| 405201 | Non apto/a | BARBARA DURAN | A. |
| 404290 | 5,125 | BARREIRO ALVAREZ | M.A. |
| 404064 | 5,125 | BAZ LOMBA | M.L. |
| 403744 | Non apto/a | BOULLOSA VENTIN | A. |
| 403518 | Non apto/a | BRAZ NOGUEIRA | C.J. |
| 402959 | Non apto/a | BRETAL LARANGA | M. |
| 402733 | Non apto/a | BUGALLO FONTAN | M. |
| 406664 | Non apto/a | BUJAN GARCIA | N.M. |
| 366362 | Non apto/a | CARAUSAN ZSOMBORI | R. |
| 365351 | Non apto/a | CARBALLO ESTEVEZ | M. |
| 365464 | 6,750 | CARBALLO TRONCOSO | M.A. |
| 347246 | Non apto/a | CARBALLO VALIÑAS | Y. |
| 347020 | 5,500 | CARIDE NIMES | L. |
| 346813 | Non apto/a | CARIDE SEMEDA | N. |
| 346687 | 5,250 | CARRETE PARDAL | M.X. |
| 406903 | Non apto/a | CASTILLO PEREZ | E.M. |
| 406777 | Non apto/a | CASTRO BLANCO | S. |
| 403631 | Non apto/a | CERDEIRA BARRAL | J.A. |
| 406325 | Non apto/a | CIFUENTES GOMEZ | T. |
| 406199 | Non apto/a | COBOS CASAS | T. |
| 405766 | 5,250 | COLLAZO GOMEZ | S. |
| 405879 | 5,000 | COMESAÑA PEREZ | S. |
| 405540 | Non apto/a | CORRAL POLO | P.M. |
| 405314 | 5,625 | CORTEGOSO ACUÑA | A.C. |
| 405188 | 5,125 | CORTIZO FERNANDEZ | D. |
| 404177 | Non apto/a | COSTAS GIRALDEZ | A. |
| 403970 | 6,500 | COSTAS GOMEZ | L. |
| 403857 | Non apto/a | COTO JUSTO | V. |
| 365012 | 5,625 | DA SILVA | I. |
| 364918 | Non apto/a | DÍAZ DEL RIO | F.J. |

ASINADO POR: TECNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARIA LORENA LOPEZ RODRIGUEZ ) 03/03/2026 11:15:38

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

| ID | Nota | Apelidos | Nome |
|---|---|---|---|
| 363907 | Non apto/a | DOCAMPO SENDIN | E. |
| 362192 | Non apto/a | DOCAMPO ZON | D. |
| 365125 | 6,875 | DOMINGUEZ BORINES | J. |
| 362079 | Non apto/a | DOMINGUEZ BORINES | V. |
| 361985 | Non apto/a | DOMINGUEZ CARRERA | M. |
| 362544 | Non apto/a | DOMINGUEZ FERREIRA | T. |
| 361872 | 5,500 | DOS ANJOS | A. |
| 367612 | Non apto/a | ENTENZA GARCIA | T. |
| 364001 | 6,250 | ESCANEO OTERO | N.G. |
| 364114 | 6,125 | ESCARIZ COVELO | A. |
| 364805 | Non apto/a | ESPINOSA MURIAS | C. |
| 362205 | Non apto/a | ESTEVEZ GONZALEZ | A. |
| 362318 | Non apto/a | FALQUE SANDE | J. |
| 362431 | 5,625 | FEBREIRO LOPEZ | M.A. |
| 362657 | 5,500 | FERNANDEZ ALBORES | A. |
| 363894 | Non apto/a | FERNANDEZ ALONSO | I. |
| 369973 | Non apto/a | FERNANDEZ COSTAS | J.P. |
| 364792 | Non apto/a | FERNANDEZ DOMINGUEZ | S. |
| 364566 | 6,375 | FERNÁNDEZ GUNTÍN | M. |
| 363090 | Non apto/a | FERNÁNDEZ IGLESIAS | L. |
| 362996 | Non apto/a | FERNANDEZ LEVROTTO | J. |
| 363103 | Non apto/a | FERNANDEZ VALVERDE | A. |
| 363216 | Non apto/a | FERNANDEZ VIGO | C. |
| 363781 | 6,125 | FERNANDEZ VILA | I. |
| 364679 | Non apto/a | FERNANDEZ-FEIJOO ALLER | A. |
| 363329 | Non apto/a | FERREIRA PUGA | A. |
| 407675 | 7,125 | FIGUEIRAS FIGUEROA | F.J. |
| 407801 | 5,000 | FIGUEROA CAMPOS | N. |
| 407914 | Non apto/a | FOLGAR MARIÑO | S. |
| 364453 | Non apto/a | FRESCO BARBEITO | E. |
| 364340 | Non apto/a | GARCIA DEL CAMPO | O. |
| 364227 | Non apto/a | GARCIA FOLGAR | E. |
| 363442 | Non apto/a | GARCIA LORENZO | P. |
| 363555 | Non apto/a | GARCIA MENDUIÑA | R.C. |
| 362770 | Non apto/a | GARCIA SANTISO | A.M. |
| 363668 | Non apto/a | GARCIA-MON BARREIRO | M.D.P. |
| 362883 | Non apto/a | GAYO LOPEZ | P. |
| 407562 | Non apto/a | GIL SUAREZ | L. |
| 407788 | Non apto/a | GIRALDEZ PEREZ | M. |
| 365577 | 5,000 | GOENAGA GONZALEZ | A.B. |

ASINADO POR: TECNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARIA LORENA LOPEZ RODRIGUEZ ) 03/03/2026 11:15:38
Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

| ID | Nota | Apelidos | Nome |
|---|---|---|---|
| 365690 | Non apto/a | GOMES COELHO | L.R. |
| 403405 | 5,625 | GONZALEZ ALVARIÑO | R. |
| 346700 | 5,500 | GONZALEZ EIRIZ | B. |
| 366249 | Non apto/a | GONZÁLEZ GIL | M. |
| 366023 | 5,875 | GONZALEZ RODRIGUEZ | A. |
| 320607 | 6,625 | GONZALEZ RODRIGUEZ | M.E. |
| 365929 | 5,750 | GONZÁLEZ TIEBO | J. |
| 403392 | Non apto/a | GONZALEZ VILAR | A. |
| 365816 | Non apto/a | GRANDIO FRA | J. |
| 366136 | 6,500 | GUTIERREZ VELO | A. |
| 402620 | Non apto/a | IGLESIAS FONTENLA | J. |
| 427928 | Non apto/a | IGLESIAS PERNAS | A. |
| 365703 | Non apto/a | LAGO FONTENLA | C. |
| 323288 | Non apto/a | LAGO LOPEZ | R.N. |
| 322516 | 7,125 | LAMAS MARTINEZ | M. |
| 346009 | Non apto/a | LEON MEAÑOS | O. |
| 321731 | 6,000 | LIJO RODRIGUEZ | B. |
| 322051 | Non apto/a | LOPEZ CARREIRA | M.D.P. |
| 321505 | Non apto/a | LOPEZ GRANDE | E.J. |
| 321153 | Non apto/a | LORENZO ALONSO | S.M.D.J. |
| 365238 | Non apto/a | LORENZO SEPULVEDA | A. |
| 346348 | Non apto/a | LORENZO VAZQUEZ | J. |
| 323175 | Non apto/a | MARTINEZ FONTAIÑA | R. |
| 322629 | Non apto/a | MARTINEZ GONZALEZ | S. |
| 322403 | 6,375 | MARTINEZ LEMOS | M. |
| 345915 | Non apto/a | MARTINEZ MARTINEZ | E. |
| 321844 | Non apto/a | MARTINEZ PIÑEIRO | I.C. |
| 322164 | Non apto/a | MARTINEZ SOTO | M.D.L.N. |
| 346122 | Non apto/a | MARTINEZ VILLAR | N. |
| 321266 | 5,000 | MEIJIDE FRAGA | G. |
| 320833 | Non apto/a | MEIRIÑO FEIJOO | E. |
| 346235 | Non apto/a | MENDEZ CORDEIRO | M.E. |
| 323062 | Non apto/a | MONTAGUT ROSELLO | C. |
| 322742 | Non apto/a | MONTAÑA IGLESIAS | P. |
| 322277 | Non apto/a | MOYA QUEIMAÑO | M.J. |
| 345802 | Non apto/a | NAVARRO ORTIGOSA | M.B. |
| 345563 | Non apto/a | NEIRA CORTIZAS | C. |
| 321957 | Non apto/a | NESPEREIRA VENTOSELA | L. |
| 321492 | Non apto/a | OITABEN FIGUEIRAS | L. |
| 321040 | Non apto/a | OTERO CASTRO | S. |

ASINADO POR: TECNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARIA LORENA LOPEZ RODRIGUEZ ) 03/03/2026 11:15:38
Documento asinado

| ID | Nota | Apelidos | Nome |
|---|---|---|---|
| 320720 | Non apto/a | OTERO NEIRA | M.J. |
| 408008 | Non apto/a | PAHÍNO DASILVA | C. |
| 367486 | Non apto/a | PAMPILLON FERNANDEZ | M.L. |
| 346461 | 6,625 | PEITEADO ALONSO | L. |
| 322968 | 5,250 | PEON CARRACELAS | L. |
| 322855 | Non apto/a | PEREZ ESTEVEZ | C. |
| 322390 | Non apto/a | PEREZ FERNANDEZ | E. |
| 345789 | 6,875 | PEREZ REY | B. |
| 345676 | 5,000 | PEREZ ROMERO | N. |
| 321618 | 5,250 | PINAL MOREIRA | E. |
| 321379 | 5,625 | PINO ALFONSO | E. |
| 320946 | Non apto/a | PIÑEIRO FERRERO | B. |
| 408121 | Non apto/a | POMBAL GONZALEZ | B. |
| 367599 | Non apto/a | PRIETO ALVAREZ | B. |
| 346574 | Non apto/a | PRIETO LOIMIL | F. |
| 429259 | Non apto/a | RAIMUNDEZ ALVAREZ | S. |
| 429372 | Non apto/a | REGADES RIVERA | A.I. |
| 429485 | Non apto/a | REGENGO ALONSO | G. |
| 429598 | Non apto/a | RIOBO SOÑORA | B. |
| 429611 | Non apto/a | RIOS DIZ | M.D. |
| 429724 | Non apto/a | ROCA MARTINEZ | B. |
| 429837 | Non apto/a | RODRIGUEZ CARRASCO | A. |
| 412514 | Non apto/a | RODRIGUEZ FERNANDEZ | M.D.C. |
| 429950 | Non apto/a | RODRIGUEZ FERNANDEZ | S. |
| 412401 | Non apto/a | RODRIGUEZ GARABATOS | B. |
| 412388 | Non apto/a | RODRIGUEZ LAMEIRO | P. |
| 412627 | Non apto/a | RODRIGUEZ LORENZO | M. |
| 412740 | Non apto/a | RODRIGUEZ MARTINEZ | L. |
| 343654 | Non apto/a | RODRIGUEZ PEREZ | M.I. |
| 343541 | Non apto/a | RODRIGUEZ PEREZ | V. |
| 343428 | Non apto/a | RODRIGUEZ PIEDRAHITA | A. |
| 320594 | 5,500 | RODRIGUEZ RODRIGUEZ | M.Y. |
| 320368 | Non apto/a | RODRIGUEZ SILVA | Y. |
| 320142 | Non apto/a | RODRIGUEZ VAZQUEZ | M. |
| 319938 | Non apto/a | ROLLAN VAZQUEZ | C. |
| 348596 | 5,500 | ROUCO LORENZO | M.L. |
| 347698 | Non apto/a | ROUCO SANROMAN | V. |
| 347359 | 5,125 | RUBIRA RUIDO | M.S. |
| 347472 | Non apto/a | SAA ALVAREZ | M. |
| 347585 | Non apto/a | SAIANS SUÁREZ | M. |

ASINADO POR: TECNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARIA LORENA LOPEZ RODRIGUEZ ) 03/03/2026 11:15:38
Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

| ID | Nota | Apelidos | Nome |
|---|---|---|---|
| 343880 | 5,125 | SALDAÑA MORQUILLAS | A. |
| 343767 | Non apto/a | SALVATORE OCHOA | M.S. |
| 343315 | Non apto/a | SANTOS CONTRERAS | A.L. |
| 343202 | 5,750 | SANTOS VILAS | F.J. |
| 320481 | Non apto/a | SOBREIRA CHAPELA | M.I. |
| 320255 | Non apto/a | SOTO FERNANDEZ | M.B. |
| 320029 | Non apto/a | SUAREZ PORTO | A. |
| 319825 | Non apto/a | TATO VIDAL | L. |
| 347711 | Non apto/a | TEIJELO MANCEBO | L. |
| 345337 | Non apto/a | TEJO FUENTES | B. |
| 345111 | Non apto/a | UCHA MARTINEZ | T. |
| 344904 | Non apto/a | VAAMONDE RÚA | E.M. |
| 343993 | 6,875 | VAQUERO PRIETO | L. |
| 344087 | Non apto/a | VARELA PAMPIN | O. |
| 344100 | Non apto/a | VAZQUEZ COSTAS | I. |
| 344213 | Non apto/a | VAZQUEZ LOPEZ | R. |
| 344326 | 5,250 | VAZQUEZ MOSQUERA | M.J. |
| 344439 | Non apto/a | VAZQUEZ VILLAR | N. |
| 344552 | Non apto/a | VEIGA PARDO | V. |
| 344665 | Non apto/a | VIDAL GONZALEZ | S.P. |
| 402846 | Non apto/a | VIDAL LAZ | C. |
| 344778 | 7,250 | VILA RODRIGUEZ | R. |
| 345450 | Non apto/a | VILLANUEVA MEDA | M.T. |
| 345224 | Non apto/a | VILLAR GONZALEZ | M. |
| 345098 | Non apto/a | VILLAR SILVA | L. |
| 344891 | Non apto/a | VILLAVERDE FERRERO | P. |

O que se publica para xeral coñecemento.

Vigo, na data da sinautura electrónica.
A secretaria do órgano de selección
Lorena López Rodríguez

ASINADO POR: TECNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARIA LORENA LOPEZ RODRIGUEZ ) 03/03/2026 11:15:38

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

ACORDOS EN RELACIÓN COAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS AO 1º EXERCICIO, TIPO TEST, OBLIGATORIO E ELIMINATORIO

| |
|---|
| Código de solicitude: W1432859-9043<br>Contido sucinto: solicita que sexa modificada a opción considerada correcta na pregunta 10, así como a anulación das preguntas 17, 20, 23 e 29. |

MOTIVACIÓN DA RECLAMACIÓN: a persoa aspirante expón que a resposta correcta da pregunta 10 sería a resposta c). Manifesta que a pregunta 17 tería dúas respostas correctas: (c) e d)). Afirma que a pregunta 20 debe ser anulada dado que o artigo 127.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local non aborda o proceso de tramitación das ordenanzas senón que fai referencia ás atribucións da Xunta de Goberno Local. Considera tamén incorrecta a resposta publicada como correcta. Así mesmo, afirma que as preguntas 23 e 29 non están dentro do temario, pois entende que os artigos 84.1 e 89 do Estatuto Básico do Empregado Público non forman parte del.

FUNDAMENTOS DO ACORDO:

Pregunta 10

A resposta considerada correcta pola persoa aspirante é a opción c): "Todas as respostas son correctas".

A dita opción é incorrecta por un elemental principio de coherencia, dado que a opción d):"Ningunha das respostas é correcta" invalida calquera posibilidade de acerto na opción c).

Non obstante, observouse un erro na opción considerada correcta, que será corrixido consonte ao establecido no artigo 3 do TUE., pasando de ser a opción d) á b).

Pregunta 17

Analizada a formulación da pregunta e as opcións facilitadas compróbase que o enunciado esixe a selección do suposto no que o acto administrativo non sería nulo de pleno Dereito, segundo o establecido no artigo 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Procede a anulación da pregunta ao non cumprir co requisito esencial de dispoñer dunha única resposta correcta, dado que a formulación da cuestión xunto coas

ASINADO POR: TECNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARIA LORENA LOPEZ RODRIGUEZ ) 03/03/2026 11:15:38
Documento asinado

opcións facilitadas, permite interpretar como válidas máis dunha delas, sen que poda razoablemente determinarse de maneira inequívoca cal é a correcta pois varios dos supostos previstos nas opcións de resposta non son supostos de nulidade do artigo 47 da LPACAP.

Pregunta 20

De acordo co enunciado da pregunta, do conxunto de trámites facilitados nas opcións de resposta, as persoas aspirantes deben seleccionar aquel que debe seguir á redacción do proxecto dunha ordenanza local.

O procedemento de elaboración e aprobación está expresamente previsto no temario do presente proceso selectivo.

A formulación da pregunta menciona o artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que recolle un conxunto de competencias atribuídas a Xunta de Goberno Local nos municipios de gran poboación.

O artigo 127 da LRBRL é un precepto básico e fundamental, xunto co 121 e 123 da LRBRL, no ámbito da Administración local, resultando irrelevante que o nomeado artigo 127 da LRBRL non regule o procedemento de tramitación de ordenanzas (o enunciado da pregunta non afirma o contrario), pois o feito de que este precepto veña referido na formulación da pregunta, non só non induce a erro senón que debera server de guía no proceso de identificación da resposta correcta para quen ten coñecemento do réxime de funcionamiento da Administración local.

Polo tanto, unha vez redactado o proxecto de ordenanza, ordenadas en legal forma as respostas a) a d), non procede ningún dos trámites ofrecidos nas letras a) a c), dado que non poden ter lugar antes da aprobación do proxecto de ordenanza pola Xunta de Goberno Local, sendo a opción d) a correcta.

Preguntas 23 e 29

A pregunta 23 fai referenza á mobilidade das persoas empregadas públicas, materia directamente relacionada coa función pública local, coa organización dos recursos da Administración Pública e cos dereitos das persoas empregadas públicas.

A pregunta 29 aborda dereitos das persoas empregadas públicas (permisos).

Ambas cuestións están incluídas nos temas 8 e 9 da Terceira parte do temario (Tema 8: A función pública local e a súa organización e Tema 9: Dereitos e deberes das/os empregadas/os públicos locais. Incompatibilidades). Ambos temas definen materias e ámbitos de coñecemento e o temario non os restrinxe a un concreto título ou lei.

ASINADO POR: TECNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARIA LORENA LOPEZ RODRIGUEZ ) 03/03/2026 11:15:38

Documento asinado

En consecuencia, o relevante é o contido material das cuestións abordadas nas referidas preguntas e non a ubicación sistemática nunha concreta lei, dos artigos citados no seu enunciado. O contido dos epígrafes do temario, no caso examinado, non está condicionado por unha correspondencia literal coa estrutura interna dunha norma e os artigos citados nos enunciados das preguntas regulan elementos que forman parte substancial do ámbito temático delimitado polos ditos epígrafes.

ACORDO: Estímase a reclamación no senso de anular a pregunta 17 e desestímase no demais.

| |
|---|
| Código de solicitude: W1433192-7355<br>Contido sucinto: solicita a anulación das preguntas 1 e 17. |

MOTIVACIÓN DA RECLAMACIÓN: a persoa aspirante afirma que, no caso da pregunta 1, a opción considerada correcta podería non selo, pois, ao seu xuízo, a cualificación da Constitución Española como extensa, escrita, codificada e ríxida é subxectiva, resultado que a resposta c) non figuraría en ningún texto legal. A respecto da pregunta 17, afirma que dúas das respostas facilitadas son correctas.

FUNDAMENTOS DO ACORDO:

Pregunta 1

A cualificación da Constitución Española recollida na opción c), responde a unha clasificación doutrinal consolidada no ámbito do Dereito Constitucional, tratándose de categorías amplamente aceptadas e empregadas doutrinalmente. Así pois, a Constitución Española pódese cualificar de extensa, pola amplitude do seu contido e o elevado número de materias que regula; escrita, ao estar recollida nun texto formal único; codificada, ao integrarse nun único corpo normativo sistematizado; e ríxida, ao establecer procedementos de reforma máis complexos e agravados respecto do procedemento lexislativo ordinario. Estas construcións teñen a súa orixe en análises técnicas, sistemáticas e razoadas do ordeamento xurídico e non responden a apreciacións persoais e arbitrarias.

Pregunta 17

Analizada a formulación da pregunta e as opcións facilitadas compróbase que o enunciado esixe a selección do suposto no que o acto administrativo non sería nulo de pleno Dereito, segundo o establecido no artigo 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

ASINADO POR: TECNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARIA LORENA LOPEZ RODRIGUEZ ) 03/03/2026 11:15:38
Documento asinado

Procede a anulación da pregunta ao non cumprir co requisito esencial de dispoñer dunha única resposta correcta, dado que a formulación da cuestión xunto coas opcións facilitadas, permite interpretar como válidas máis dunha delas, sen que poda razoablemente determinarse de maneira inequívoca cal é a correcta pois varios dos supostos previstos nas opcións de resposta non son supostos de nulidade do artigo 47 da LPACAP.

ACORDO: Estímase a reclamación no senso de anular a pregunta 17 e desestímase no demais.

| |
|---|
| Código de solicitude: W1432709-7756<br>Contido sucinto: impugna a pregunta 17. |

MOTIVACIÓN DA RECLAMACIÓN: Afirma que a pregunta 17 conta con dúas respostas correctas.

FUNDAMENTOS DO ACORDO:

Analizada a formulación da pregunta e as opcións facilitadas compróbase que o enunciado esixe a selección do suposto no que o acto administrativo non sería nulo de pleno Dereito, segundo o establecido no artigo 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Procede a anulación da pregunta ao non cumprir co requisito esencial de dispoñer dunha única resposta correcta, dado que a formulación da cuestión xunto coas opcións facilitadas, permite interpretar como válidas máis dunha delas, sen que poda razoablemente determinarse de maneira inequívoca cal é a correcta pois varios dos supostos previstos nas opcións de resposta non son supostos de nulidade do artigo 47 da LPACAP.

ACORDO: Estímase a reclamación, anulándose a pregunta 17.

| |
|---|
| Código de solicitude: W1432877-1089<br>Contido sucinto: impugna as preguntas 17 e 24. |

MOTIVACIÓN DA RECLAMACIÓN: a persoa aspirante afirma que existen dúas respostas correctas na pregunta 17 e que deben admitirse como válidas as opcións c) e d) ou proceder a súa anulación. Na pregunta 24 afirma que as opcións a) e b) deben considerarse válidas ou proceder a súa anulación.

ASINADO POR: TECNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARIA LORENA LOPEZ RODRIGUEZ ) 03/03/2026 11:15:38

Documento asinado

FUNDAMENTOS DO ACORDO:

Pregunta 17

Analizada a formulación da pregunta e as opcións facilitadas compróbase que o enunciado esixe a selección do suposto no que o acto administrativo non sería nulo de pleno Dereito, segundo o establecido no artigo 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Procede a anulación da pregunta ao non cumprir co requisito esencial de dispoñer dunha única resposta correcta, dado que a formulación da cuestión xunto coas opcións facilitadas, permite interpretar como válidas máis dunha delas, sen que poda razoablemente determinarse de maneira inequívoca cal é a correcta pois varios dos supostos previstos nas opcións de resposta non son supostos de nulidade do artigo 47 da LPACAP.

Pregunta 24

Examinados os motivos da reclamación, cómpre puntualizar que a resposta a), a cuxo tenor: "En todo caso os municipios que sexan capitais de provincia, capitais autonómicas ou sedes das institucións autonómicas" non pode considerarse correcta.

Segundo o establecido no artigo 121.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL):

*As normas previstas neste título serán de aplicación: a) Aos municipios cuxa poboación supere os 250.000 habitantes. b) Aos municipios capitais de provincia cuxa poboación sexa superior aos 175.000 habitantes. c) Aos municipios que sexan capitais de provincia, capitais autonómicas ou sedes das institucións autonómicas. d) Así mesmo, aos municipios cuxa poboación supere os 75.000 habitantes, que presenten circunstancias económicas, sociais, históricas ou culturais especiais.*

*Nos supostos previstos nos parágrafos c) e d), se esixirá que así o decidan as Asambleas Lexislativas correspondentes a iniciativa dos respectivos concellos*.

Xa que logo, para que as normas previstas no Título X da LRBRL sexan de aplicación aos municipios capitais de provincia, capitais autonómicas ou sedes das institucións autonómicas é necesario que así o decidan as Asambleas lexislativas correspondentes, a instancias dos respectivos concellos. O cumprimento desta premisa é necesario para a aplicabilidade do dito réxime, polo que non opera de forma automática. Ilo confronta co carácter absoluto da expresión "en todo caso" incluida na opción a) por implicar a súa aplicación sempre e sen excepcións, con independencia doutras circunstancias ou condicións que poderan concorrer.

ASINADO POR: TECNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARIA LORENA LOPEZ RODRIGUEZ ) 03/03/2026 11:15:38

Documento asinado

ACORDO: Estímase a reclamación no senso de anular a pregunta 17 e desestímase no demais.

| |
|---|
| Código de solicitude: W1432712-8268<br>Contido sucinto: impugna a pregunta 17. |

MOTIVACIÓN DA RECLAMACIÓN: a persoa aspirante afirma que, de interpretarse literalmente a opción d), o suposto descrito non coincide co previsto no artigo 47.1.f) e que non constitúe un suposto de nulidade de pleno dereito polo que existe máis dunha resposta correcta.

FUNDAMENTOS DO ACORDO:

Analizada a formulación da pregunta e as opcións facilitadas compróbase que o enunciado esixe a selección do suposto no que o acto administrativo non sería nulo de pleno Dereito, segundo o establecido no artigo 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Procede a anulación da pregunta ao non cumprir co requisito esencial de dispoñer dunha única resposta correcta, dado que a formulación da cuestión xunto coas opcións facilitadas, permite interpretar como válidas máis dunha delas, sen que poda razoablemente determinarse de maneira inequívoca cal é a correcta pois varios dos supostos previstos nas opcións de resposta non son supostos de nulidade do artigo 47 da LPACAP.

ACORDO: Estímase a reclamación, anulándose a pregunta 17.

| |
|---|
| Código de solicitude: W1434522-8359<br>Contido sucinto: impugna as preguntas 10, 41, 38, 16 e 27. |

MOTIVACIÓN DA RECLAMACIÓN: a persoa aspirante afirma que na pregunta 10 a resposta correcta é a opción b) e que non está incluída no temario dado que o artigo 3 do TUE non se encontra no Título II nin no Título IV a cuxos epígrafes responde o temario de forma literal. A respecto da pregunta 41 afirma que non está dentro do temario pois considera que os epígrafes do temario responden literalmente aos Títulos I e II da Lei orgánica 3/2007. A pregunta 38 tampouco a considera dentro do temario pois o artigo 214 da Lei reguladora das facendas locais pertence ao capítulo “Control e Fiscalización” e non está entre os 200 a 212. A pregunta 16 tampouco a considera dentro do temario posto que a disposición adicional segunda da LCSP refire unhas competencias en materia de contratación que non teñen, ao seu xuízo,

ASINADO POR: TECNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARIA LORENA LOPEZ RODRIGUEZ ) 03/03/2026 11:15:38
Documento asinado

relación co temario.  A pregunta 27 contería dúas respostas correctas, posto que as actividades descritas na opción b) quedarían exceptuadas.

FUNDAMENTOS DO ACORDO:

Pregunta 10

O tema 1 da Segunda parte do temario titúlase: “A Unión Europea. As liberdades básicas do sistema comunitario: libre circulación de mercadorías, de persoas, de servizos e de capitais”.

A pregunta formulada fai referencia a medidas dirixidas a garanter a libre circulación de persoas polo que dende unha perspectiva material e substancial está directamente relacionado co dito tema. Os epígrafes do temario non citan concretos Títulos do Tratado da Unión Europea nin limitan a eles o seu alcance. O artigo 3 do Tratado da Unión Europea constitúe un fundamento xurídico e conceptual imprescindible para as liberdades básicas do sistema comunitario e o contido da pregunta garda unha relación directa, clara e necesaria coa materia citada no tema.

Non obstante o anterior, obsérvase un erro na resposta considerada correcta, dado que é a opción b) a que se corresponde co establecido no artigo 3 do TUE e non a opción d), debendo modificarse nese senso a resposta correcta que pasa a ser a b).

Pregunta 41

O tema 7 da Primeira parte do temario: “A igualdade de xénero. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade” non cita nin limita o seu alcance a concretos Títulos de concretas normas.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, constitúe unha norma básica en materia de igualdade efectiva entre  mulleres e homes. O Título da dita Lei relativo á igualdade e medios de comunicación se integra directamente no ámbito das políticas públicas de igualdade, ao regular medidas destinadas a promover unha imaxe igualitaria, prevír estereotipos e garantir a igualdade nun sector con clara incidencia social. O relevante para valorar a corrección da pregunta non reside na coincidencia literal ou non dun epígrafe do temario co título dunha norma concreta senón a relación material e directa entre o contido da pregunta e a materia.

Polo demais, o coñecemento da estrutura básica (nivel Título-bloques temáticos) dunha lei nuclear como a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, é necesario para obter unha visión xeral da materia *igualdade de xénero* e resulta adecuado dentro do nivel de coñecementos que se considera esixible.

Pregunta 38

O artigo 214 “Ambito de aplicación e modalidades de exercicio da función interventora” do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o

ASINADO POR: TECNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARIA LORENA LOPEZ RODRIGUEZ ) 03/03/2026 11:15:38
Documento asinado

Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais delimita, no seu apartado 2, o alcance do exercicio da función interventora.

Os tema 17 e 18 da Terceira parte do temario: Facendas locais. Clasificación dos ingresos. Ordenanzas fiscais" e "Os orzamentos locais. Contabilidade e contas", respectivamente. O ditos temas quedan integrados polo conxunto de institucións, recursos, conceptos e procedementos que forman parte do seu contido material. A función interventora ten por obxecto o control interno da xestión económico-financieira e orzamentaria das entidades locais (legalidade dos ingresos e gastos no marco dos recursos que integran a facenda local; elaboración, execución e liquidación do orzamento, vertificando a súa adecuación á normativa; fases de gastos; cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financieira, etc.) e, así mesmo, fiscaliza a formación das contas anuais, garante a rendición de contas, comproba o rexistro das operacións orzamentarias, etc. e se conecta directamente coa contabilidade e as contas das entidades locais.

Pregunta 16

A pregunta aborda a competencia para contratar no ámbito da Administración local e, neste senso, ten unha importancia capital ao adaptar o réxime xeral de contratación pública á organización, competencias e funcionamento propios das entidades locais (Tema 13 da Segunda parta e Temas 5 e 6 da Terceira parte, na súa relación, ademais, co procedemento administrativo local). A nomeada disposición concreta as competencias en materia de contratación nos distintos órganos municipais e a pregunta formulada permite relacionar as clases de contratos coas súas implicacións prácticos e avaliar aspectos esenciais no ámbito da competencia e da contratación no ámbito local.

Pregunta 27

O artigo 19 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, exceptúa do réxime de incompatibilidades previsto nela, entre outras, as publicacións derivadas da producción e creación literaria, artística, científica e técnica sempre que non se orixinen como consecuencia dunha relación de emprego ou de prestación de servizos e a dirección de seminarios ou o ditado de cursos ou conferencias en Centros oficiais destinados á formación de funcionarios ou profesorado, cando non teña carácter permanente ou habitual nin supoña máis de setenta e cinco horas ao ano. Polo tanto, tanto as opcións c) (publicacións que non son consecuencia de emprego nin prestación de servizos) como a opción b) (dirección de seminarios ou o ditado dos referidos cursos non teña carácter permanente ou habitual nin supoñan máis de sesenta e cinco horas ao ano) quedan exceptuada do réxime de incompatiblidades.

ASINADO POR: TECNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARIA LORENA LOPEZ RODRIGUEZ ) 03/03/2026 11:15:38

Documento asinado

Ao non cumprir a formulación da pregunta coa premisa de presentar unha única opción válida, procede a súa anulación.

ACORDO: Estímase a reclamación no senso de rectificar a opción dada como correcta na pregunta 10 que pasa de d) a b), así como anular 27, e desestimala no demais.

| |
|---|
| Código de solicitude: W1433273-6252<br>Contido sucinto: impugna as preguntas 15 e 17. |

MOTIVACIÓN DA RECLAMACIÓN: a persoa aspirante afirma que a resposta a) da pregunta 15 correspóndese cun suposto de aplicación do procedemento de licitación con negociación (artigo 167 e) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e que por elo as opcións a) e d) serían correctas. A respecto da pregunta 17, afirma que as respostas c) e d) son correctas e procede a anulación da pregunta.

FUNDAMENTOS DO ACORDO:

Pregunta 15

De acordo coa súa formulación, as persoas aspirantes deben identificar cal dos supostos non está previsto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), como habilitante do procedemento negociado sen publicidade.

Examinadas as opcións ofrecidas no exercicio, pódese comprobar que as opcións a) a c) sí se tratan de supostos habilitantes previstos no artigo 168 da LCSP, titulado “Supostos de aplicación do procedemento negociado sen publicidade”. Sen embargo, que o valor estimado do contrato sexa inferior a 100.000 euros non constitúe un suposto que habilite automaticamente o uso do procedemento negociado sen publicidade e, polo tanto, a única opción correcta é a opción d).

Pregunta 17

Analizada a formulación da pregunta e as opcións facilitadas compróbase que o enunciado esixe a selección do suposto no que o acto administrativo non sería nulo de pleno Dereito, segundo o establecido no artigo 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Procede a anulación da pregunta ao non cumprir co requisito esencial de dispoñer dunha única resposta correcta, dado que a formulación da cuestión xunto coas opcións facilitadas, permite interpretar como válidas máis dunha delas, sen que poda razoablemente determinarse de maneira inequívoca cal é a correcta pois varios dos supostos previstos nas opcións de resposta non son supostos de nulidade do artigo 47 da LPACAP.

ASINADO POR: TECNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARIA LORENA LOPEZ RODRIGUEZ ) 03/03/2026 11:15:38
Documento asinado

ACORDO: Estímase a reclamación no senso de anular a pregunta 17 e desestímase no demais.

Código de solicitude: W1433290-9460
Contido sucinto: solicita a anulación da pregunta 17.

MOTIVACIÓN DA RECLAMACIÓN: a persoa aspirante afirma que as respostas c) e d) son correctas e procede a súa anulación.

FUNDAMENTOS DO ACORDO:

